

# AVOGACÍA COMPOSTELÁ

Nº 16 Decembro 2016  
Exemplar gratuito



Ilustre Colexio de Avogados  
de Santiago de Compostela



**Victoria Ortega,  
presidenta do  
Consello Xeral  
da Avogacía Española**

**«A avogacía ofrécese a  
liderar un pacto de Estado  
pola Xustiza, non podemos  
seguir esperando a que as  
súas eivas se arranxen soas»**

## NOVAS DA AVOGACÍA

- O colexio de avogados participa nun programa de mediación penal pioneiro en Galicia
- Aprobada unha baixada das cotas para os colexiados exercentes residentes en 2017

## ESCOLA DE PRÁCTICA XURÍDICA



O alumnado do  
Máster de Avogacía,  
100% de aprobados  
no exame de acceso  
á profesión

## ACTUALIDADE

**A Avogacía de Santiago  
lidera a posición  
conxunta da cidade  
en demanda de novas  
unidades xudiciais  
para frear o colapso**



# JAEI JOYERIA

SANTIAGO DE COMPOSTELA - A CORUÑA



  
ROLEX

  
TUDOR

*Cartier*

BVLGARI

 TAGHeuer  
SWISS AVANT-GARDE SINCE 1860

  
MONT  
BLANC

LONGINES®  


  
CHIMENTO

 HAMILTON  
AMERICAN SPIRIT • SWISS PRECISION

CERTINA   
SWISS WATCHES SINCE 1885

  
FREDERIQUE CONSTANT  
GENEVE

  
HUBLOT

  
BAUME & MERCIER  
MAISON D'HORLOGERIE GENEVE 1830

[www.joyeriajael.es](http://www.joyeriajael.es)

Santiago | Xeneral Pardiñas, 7 | T. 981 576 895 | [santiago@joyeriajael.es](mailto:santiago@joyeriajael.es)

A Coruña | Compostela, 8 | T. 981 909 029 | [coruna@joyeriajael.es](mailto:coruna@joyeriajael.es)



# Avogacía Compostelá

## Dirección

Evaristo Nogueira Pol



## Secretaría técnica

Manuel Arza Galán



## Asesoramento lingüístico

Martín Ramos Insua



## Contidos

Pablo G. Quintas  
(Lupa Comunicación)



[www.icasantiago.org](http://www.icasantiago.org)

## Sumario

|                                                                                                                                                                                       |           |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| <b>Editorial</b>                                                                                                                                                                      | <b>4</b>  |
| <b>Novas da Avogacía</b>                                                                                                                                                              | <b>5</b>  |
| O Colexio de Avogados de Santiago participa nun programa de mediación penal pioneiro en Galicia posto en marcha en dous xulgados                                                      | 5         |
| Lexnet Avogacía inicia a transición cara á plataforma do Ministerio de Xustiza                                                                                                        | 6         |
| O alumnado do Máster de Avogacía, 100% de aprobados nos exames de acceso á profesión                                                                                                  | 8         |
| <b>Actualidade</b>                                                                                                                                                                    | <b>10</b> |
| A Avogacía lidera as reivindicacións da cidade en defensa de novas unidades xudiciais                                                                                                 |           |
| <b>Entrevista</b>                                                                                                                                                                     | <b>13</b> |
| Victoria Ortega, presidenta da Avogacía Española: "A avogacía ofrécese a liderar un pacto de Estado pola Xustiza, non podemos seguir esperando a que as súas eivas se arranxen soas". |           |
| <b>Vida Colexial</b>                                                                                                                                                                  | <b>19</b> |
| Festividade de San Raimundo 2016                                                                                                                                                      | 19        |
| Cursos e xornadas                                                                                                                                                                     | 24        |
| Acordos da xunta de goberno, novidades e lexislación                                                                                                                                  | 26        |
| <b>Ao pé da letra</b>                                                                                                                                                                 | <b>28</b> |
| Traballemos como galegos                                                                                                                                                              |           |
| <b>Actividade nas redes sociais</b>                                                                                                                                                   | <b>31</b> |
| <b>Actos conmemorativos polo centenario do falecemento de Eugenio Montero Ríos. Presentación da biografía</b>                                                                         | <b>32</b> |
| <b>O colexio nos medios</b>                                                                                                                                                           | <b>34</b> |



Victoria Ortega, presidenta do Consello Xeral de Avogacía Española

Co patrocinio de:



**XUNTA  
DE GALICIA**

Depósito legal: C-3778-2007

Diseño e maquetación: LUPA Comunicación

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela non se fai responsable das opinións expresadas polos seus colaboradores.





Evaristo Nogueira Pol  
Decano do Ilustre Colexio  
de Avogados de Santiago

### Estimados/as compañeiros/as:

Rematando xa o ano, está nas vosas mans a edición da nosa revista colexial, que contén, entre outros temas, unha interesante entrevista á presidenta do Consello Xeral da Avogacía, quen trata temas importantes da nosa profesión e da Administración de xustiza en xeral.

Xa no tocante a outros acontecementos que sucederon durante o presente ano, debo destacar en primeiro lugar os importantes cursos que se desenvolveron ao longo destes meses. É moi significativa a elevada asistencia que tiveron, o que motivou que en varios deles mesmo tivéssemos que desprazarnos fóra da sede colexial, por non ter cabida suficiente. Ese compromiso coa formación constante entendemos que debe ser a senda para o ano que vén.

Comezou un programa piloto de mediación penal na nosa cidade, no que os avogados e as avogadas temos un protagonismo capital. Imos esperar o seu desenvolvemento para facer unha análise máis concreta e detallada, pero en todo caso creo que debemos ser optimistas e apostar por el. O labor levado a cabo polas compañeiras da Xunta de Goberno, Patricia López Arnoso e María Jesús Vieito Mayo, conxuntamente co de Manuel Arza, é merecedor de eloxios. Foi un traballo encomiable, con moitas horas de dedicación e con multitude de reunións. Por todo iso, debo agradecerlles publicamente o seu traballo.

Na próxima xunta xeral, coa aprobación dos orzamentos na súa orde do día, a Xunta de Goberno propoñerá unha baixada de cotas colexiais. O bo estado da tesouraría do Colexio permítenos propoñer esta rebaixa, ademais do mantemento da subvención ao seguro de responsabilidade civil.

Desgraciadamente e botando xa a vista nos xulgados, no día en que escribo estas liñas seguen pendentes necesidades imperiosas na nosa cidade: xulgados Social e de Familia. Desde o Colexio non imos deixar de denunciar esta situación e de seguir insistindo ante as diferentes administracións para conseguir algo que agora máis que nunca consideramos de xustiza. Santiago non pode estar discriminada en materia de órganos xudiciais.

Estaba pendente unha xuntanza co conselleiro de Xustiza para abordar asuntos da quenda de oficio. Agora que xa se formou goberno, espero que nun tempo prudencial teñamos esas conversas, das que vos daremos conta do seu resultado.

Foi un orgullo para o Colexio poder intervir na homenaxe á figura de Eugenio Montero Rios, á que tamén se fai referencia no contido desta revista.

Grazas a todos e a todas polas ideas que moitas veces nos trasladades para, en todo o posible, tratar de mellorar o funcionamento colexial.

En nome da Xunta de Goberno, do persoal do Colexio e no meu propio, só me queda desexarvos un feliz ano 2017, que veña cheo de saúde e de traballo, reiterándovos que a Xunta de Goberno está á vosa disposición.

Evaristo Nogueira Pol  
Decano



## O colexio de avogados participa nun programa de mediación penal pioneiro en Galicia posto en marcha en dous xulgados

**A mediación penal ten como obxectivo unha xustiza restaurativa, creando un marco equilibrado de diálogo entre as partes afectadas para lograr unha reparación adecuada do dano causado**

O Colexio de Avogados de Santiago forma parte dun programa piloto de mediación penal, actualmente en funcionamento en dous xulgados



da capital galega, unha iniciativa pioneira en Galicia que se puxo en marcha no mes de outubro para a solución de conflitos baixo os principios da xustiza restaurativa.

Os xulgados de instrución número 1 e o penal número 1 de Santiago forman parte desta iniciativa, na que o proceso de mediación penal, que ten carácter intraxudicial, se inicia a través dunha resolución xudicial que pode ser adoptada de oficio polo xuíz, ou ben por petición de calquera das partes (persoa investigada/acusada/condenada ou vítima) ou da Fiscalía.

Este proceso só se inicia cando existen dúas partes identificadas, un infractor e unha vítima, tendo en conta que os delitos de violencia de xénero están excluídos da mediación penal por imperativo legal. Pode ser con todo unha ferramenta moi útil para casos de malos tratos familiares, delitos de lesións, delitos societarios, estafas ou falta de pagamento de pensións, entre outros.

“Os dous mediadores que se van encargar de cada caso, que actúan con total imparcialidade, convocan as partes a unha primeira reunión informativa, na que ademais de explicarlles en que consiste o proceso, lémbbraselles que a mediación é voluntaria, gratuíta e confidencial”, aseguran María Jesús Vieito e Patricia López Arnoso, da xunta de goberno do Colexio de

Avogados e responsables dos programas de mediación.

A confidencialidade é unha máxima da mediación, o xuíz ou a xuíza non van

ter coñecemento do que ocorre dentro dese proceso, só do acordo final, no caso de que este se alcance.

Coa mediación penal, as dúas partes son partícipes da solución ao problema que as enfrontou e ambas poden obter beneficios importantes. A vítima unha reparación adecuada ás súas necesidades, “reparación que non sempre é económica”, sinala María Jesús Vieito, e o procesado, unha atenuación importante da pena para impoñer ou evitar (en ocasións un ingreso en prisión cando xa existe unha sentenza firme). En definitiva, lógrase unha pacificación do conflito que subxace, o cal ao cabo evita condutas reincidentes.

A institución colexial levou a cabo un esforzo importante para que 23 avogados, que deben traballar sempre en parella, teñan unha formación especializada en mediación penal; unha vía de resolución de conflitos con moita tradición noutros países europeos e que tamén noutras comunidades autónomas se leva realizando con moi bos resultados.

O convenio de colaboración para o desenvolvemento deste programa piloto asinárono o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Vicepresidencia da Xunta de Galicia, a Fiscalía Xeral, o Colexio de Avogados de Santiago e a Universidade de Santiago de Compostela.

## Lexnet Abogacía inicia a transición cara á plataforma do Ministerio de Xustiza

O Pleno do Consello Xeral da Avogacía Española, na sesión do 21 de outubro, acordou redefinir a súa estratexia tecnolóxica, que entre outras cousas implica a transición de Lexnet Abogacía cara á plataforma do Ministerio de Xustiza.



A avogacía asumiu a súa responsabilidade como actor fundamental da xustiza e, fiel ao seu compromiso de modernización, desenvolveu Lexnet Abogacía para axudar os letrados na súa adaptación á xustiza dixital.

Tras un ano de funcionamento cos novos requisitos, a avogacía adoptou esta decisión ao considerar que é o momento oportuno para lograr maior eficiencia e eficacia nas comunicacións electrónicas cos xulgados e tribunais.

O Pleno da Avogacía valorou, entre outras cuestións, que a homologación feita polo Ministerio de Xustiza das novas funcionalidades de Lexnet Abogacía se produce entre tres e seis meses despois de seren deseñadas e aplicadas polo propio Ministerio, xerando así problemas de eficiencia e un elevado custo operativo

nesta ferramenta tecnolóxica. Isto provocou que se tivese que remitir aos usuarios a utilizar a plataforma do Ministerio de Xustiza cada vez que este lanza unha nova funcionalidade e que moitos avogados necesitasen utilizar dúas aplicacións distintas para a súa comunicación cos xulgados.

Iníciase agora un proceso de negociación co Ministerio de Xustiza para planificar e garantir a transición dun sistema ao outro. Neste período, as decenas de miles de avogados que empregan Lexnet Abogacía —cunha media de 15.000 cada día— poderán seguir utilizando esta plataforma, que en ningún caso se desconectará ata que este proceso finalice nos meses vindeiros.

Desde ese momento, o Ministerio de Xustiza garantirá o funcionamento e o soporte do servizo para todos os profesionais da avogacía, tal e como establece a Lei 18/2011 reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración e xustiza. Acceso a Lexnet do Ministerio de Xustiza: <https://lexnet.justicia.es>

## Enrique Sanz Fernández-Lomana, elixido presidente da Mutualidade da Avogacía

A nova Xunta de Goberno da Mutualidade da Avogacía elixiu a Enrique Sanz Fernández-Lomana como novo presidente da entidade aseguradora. Sanz, conselleiro electivo e tesoureiro do Consello Xeral da Avogacía Española no momento do seu nomeamento, releva no cargo a Luís de Angulo Rodríguez, quen estivo á fronte da Mutualidade da Avogacía desde 1995.

O novo presidente toma a substitución de Luís de Angulo cun proxecto baseado na continuidade, tendo en conta que desde 2006 traballou á beira do ata agora presidente, como vogal da Xunta de Goberno da Mutualidade e presidente da Comisión de Auditoría Interna estes tres últimos anos.





Audi A la vanguardia de la técnica

#SUV?  
#coupé?  
#trendingtopic?



## Nuevo Audi Q2 #untaggable

Lo mejor es imposible de etiquetar.

¿Por qué tenemos que etiquetarlo todo? Cuando algo es verdaderamente #único te das cuenta de que también puede ser #auténtico, #inesperado o #rompedor. Y al final, descubres que hay cosas que no pueden definirse con una sola palabra. Como el nuevo Audi Q2. Es un #SUV?, #coupé?, #deportivo?, #quattro?, #emoción?, #adrenalina?, #control?... Es todo eso y mucho más. Es #untaggable.

### Brea Móvil

Avda. do Cruceiro, 103  
15705 A Pulleira  
Tel. 981 56 97 00

Nuevo Audi Q2 de 116 a 190 CV (85-140 kW). Emisión CO<sub>2</sub> (g/km): de 113 a 134. Consumo medio (l/100 km): de 4,3 a 5,8.  
Información Audi: 902 45 45 75.





## O alumnado do Máster de Avogacía, 100 % de aprobados nos exames de acceso á profesión

**O 40 % dos matriculados na quinta edición estudaron Dereito fóra da provincia**

A Escola de Práctica Xurídica desenvolve a cuarta e a quinta edicións do Máster en Avogacía, cun total de 115 alumnos que a día de hoxe preparan na entidade dependente do Colexio de Avogados de Santiago o exame de acceso á profesión.

Na quinta edición hai matriculados 57 alumnos, dos que o 40 % fixeron os estudos de Dereito fóra da provincia da Coruña. Licenciados e licenciadas en Murcia, Madrid, Canarias, Barcelona ou Leon escolleron a escola de Santiago para facer o máster, debido ao seu alto nivel académico.

Ata o de agora, o 100 % dos alumnos que fixeron o máster na Escola de Práctica Xurídica da USC aprobaron o exame de acceso. Durante

ano e medio, reciben formación nas materias Civil e Mercantil, Penal, Laboral e Administrativo.

O 60 % do profesorado é designado polo Colexio de Avogados de Santiago, mentres que o 40 % depende da Universidade de Santiago de Compostela (USC). O exame de acceso á avogacía, obrigatorio para exercer en España, realízase dúas veces ao ano, nos meses de febreiro e novembro.

A Escola de Práctica Xurídica, dirixida por Lotario Vilaboy, ocúpase tamén da formación continua dos colexiados e ten acordos de colaboración con numerosas administracións públicas e bufetes de avogados para a realización dos programas de prácticas.





# 12%



## DE DESCUENTO PARA PYMES Y AUTÓNOMOS

**Y 3 MESES GRATIS EN TU SEGURO DENTAL**

**CONTRÁTALO  
ANTES DEL  
31 DE ENERO**

En Asisa solo nos importa tu salud. Por eso, te ofrecemos las mejores condiciones en el precio de tu seguro:

- **Seguro de salud:** 12% de descuento en el precio de tu seguro durante el primer año y 10% el segundo<sup>(1)</sup>.
- **Seguro dental:** 3 meses gratis<sup>(2)</sup>.

**SEGURO DE SALUD** || **SEGURO DENTAL**  
desde solo **41,90€** desde **6,50€**  
persona/mes persona/mes

Empresa Colaboradora:



**PARA MAS INFORMACIÓN Y CONTRATACIÓN:**

**JOSÉ ANTONIO CORTÉS**  
C/Santiago de Guayaquil 7, tlfno 981 563 107  
Tlfno 609714194 ( [jacortes@tuasesorasisa.es](mailto:jacortes@tuasesorasisa.es) )

*Nada más que tu salud  
Nada menos que tu salud*

**asisa** 

(1) Descuento del 12% durante 2016 y 2017 y del 10% durante 2018, que se realizará directamente sobre la prima, para todas las contrataciones realizadas durante el periodo promocional vigente entre el 1 de noviembre 2016 y el 31 de enero de 2017. Productos implicados en la promoción: Asisa Salud Pymes, Asisa Salud Pymes Plus y Asisa Integral Pymes.

(2) 3 meses de regalo por contratar durante el periodo promocional vigente entre el 1 de noviembre de 2016 y el 31 de enero de 2017. Los meses gratuitos se repartirán en 2 años, y serán los de abril 2017, octubre 2017 y febrero 2018. Productos implicados en la promoción: Asisa Dental Pymes.

## A Avogacía de Santiago lidera a posición conxunta da cidade en demanda de novas unidades xudiciais para frear o colapso

**“A decisión do Ministerio de negarlle a Santiago unha nova sala do social é un agravio e unha gran decepción”, asegura Evaristo Nogueira**

**Os atrasos para a celebración de xuízos superan os tres anos e todos os grupos políticos municipais apoian as demandas da avogacía**

A Avogacía de Santiago liderou de novo a posición do conxunto da capital galega en demanda de novas unidades xudiciais. A decisión do Ministerio de Xustiza de deixar a cidade fóra da última repartición foi, en palabras do decano Evaristo Nogueira, “un agravio e unha gran decepción”.

Santiago non terá en 2017 a nova sala do social que vén reclamando desde hai anos. A pesar do colapso que sofren os seus xulgados, a capital galega volveu quedar fóra da repartición despois de que a Comisión Mixta de Xustiza acordase o pasado mes de novembro, por unanimidade, a creación de tres novos xulgados na Coruña, Ourense e Vigo, e dúas prazas de maxistrado en Galicia. O Colexio de Avogados de Santiago considera a decisión “unha inxustiza”.

“Non poñemos en dúbida que tanto A Coruña como Vigo e Ourense necesitan esas salas, pero o que é un dato obxectivo é que a situación dos xulgados do Social de Santiago é dramática e que a nosa reclamación é máis que xusta», explicou Evaristo Nogueira aos medios de comunicación.

Para o máximo representante dos avogados da cidade, “con esta decisión están a esquecerse dos cidadáns, os que a tomaron terán que darlles explicacións aos que, por exemplo, condenan a esperar máis de tres anos para percibir unha prestación por incapacidade”.

### Reaccións políticas

O malestar da avogacía foi respaldado de forma unánime polos grupos políticos municipais. “Á cidade interésalle que rememos todos a un tempo e que demandemos algo que é xusto”, remarcou o alcalde,

Martiño Noriega, quen lembrou a “necesidade” de contar cun novo xulgado debido á “carga de traballo” dos actuais, que provocan “maior lentitude en asuntos sensíbles” como os relacionados con temas laborais.

Pola súa banda, o portavoz do PP no Concello de Santiago, Agustín Hernández, indicou que é “unha mala noticia” que ningunha das novas unidades xudiciais adxudicadas a Galicia recaia na capital.

Por último, os portavoces do Bloque e PSdeG en Santiago, Rubén Cela e Paco Reyes, cualificaron de “absolutamente impresentable” a decisión de deixar fóra a Santiago na concesión das novas unidades, o que considera unha decisión “arbitraria que non se corresponde a criterios obxectivos”.



### Postura da Xunta

En relación con este tema, o vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, admitiu que en Galicia “fai falta poñer varios xulgados en marcha”, pero que isto require unha “autorización do ministerio”, o que permitiu agora crear cinco novas unidades.

Dadas as cinco unidades posibles, a Comisión Mixta de Xustiza decidiu crealas “onde máis falta facían”, dado que había “máis carga de traballo”. “Se puidésemos crear seis ou sete, probablemente habería un xulgado do social en Santiago”, dixo o vicepresidente.

Con todo, apuntou que, “se o ano que vén volven poder crear” e os xuíces “din que fai falta un xulgado do social en Santiago, que seguramente así será”, a Xunta poñerá “en marcha” aínda facendo un “desembolso económico importante”.









*O Colexio de Abogados de Santiago*

*deséxavos un Feliz Nadal*

*e un próspero ano 2017!*



Victoria Ortega, presidenta da Avogacía Española

## «A sociedade non será xusta mentres non sexa igualitaria, avánzase pero moito máis amodo do que é necesario»

Primeira muller que preside o Consello Xeral da Avogacía Española, Victoria Ortega considera que a igualdade “non debe ser unha quimera, xa que está na Constitución”. Consegui un pacto de Estado pola xustiza, lograr unhas retribucións xustas para os profesionais da quenda de oficio e que se aprrobe o Estatuto xeral da avogacía española son os tres grandes retos que se marca a medio prazo.



**Pregunta.- Chegou vostede ao cargo o pasado mes de xaneiro, que balance fai destes primeiros meses á fronte da avogacía española?**

**Resposta.-** Este período foi un pouco estraño porque se correspondeu coa crise política e cun goberno en funcións que, afortunadamente, xa é historia. Con todo, non estivemos parados, todo o contrario. Fixemos unha reordenación da estrutura do Consello para facelo máis eficiente; estivemos traballando con asociacións de xuíces e fiscais para achegar as nosas ideas de cara a mellorar a xustiza e, persoalmente, como presidenta, viaxeí a moitos colexios para participar en actos institucionais e ter un contacto máis directo coas xuntas de goberno e os colexiados e colexiadas.

**P.- Foi a primeira muller que ocupou a presidencia do CXAE. Segue sendo a igualdade unha quimera na xustiza e na sociedade en xeral?**

**R.-** A igualdade non é unha quimera, porque non é algo que está na nosa imaxinación, que é onde están por definición as quimeras, senón nos textos legais, empezando pola Constitución. A sociedade non será xusta mentres non sexa igualitaria e, aínda que avanzamos moito, é evidente que queda moito camiño para que a nosa o sexa. Debe selo, porque pola contra non estaremos nun Estado democrático e de Dereito e todos temos a obriga de contribuír á súa consecución. Avánzase, pero moito máis amodo do que é necesario.

**P.- Se tivese que enumerar, a día de hoxe, tres retos pendentes para a avogacía española, cales serían?**

**R.-** Consegui un pacto de Estado pola xustiza, no que xa estamos a traballar e que nos ofrecemos a liderar e estamos a liderar, lograr unhas retribucións xustas e adecuadas para os profesionais que





exercen na quenda de oficio e que se aprobe o Estatuto xeral da avogacía española, que quedou pendente na anterior lexislatura.

**P.- A avogacía demostrou a súa fortaleza cando se uniu en contra das taxas xudiciais. Debería dar mostras de unidade con maior frecuencia? Observa vontade de traballar de forma conxunta por parte dos avogados?**

**R.-** Os avogados somos individualistas pola esencia do noso traballo, pero tamén temos un concepto moi arraigado do compañeirismo, aínda que poida parecer contradictorio. Coas taxas quedou demostrado que cando hai unidade, somos moito máis fortes e, efectivamente, conséguense obxectivos. É certo que se pode ter un mesmo obxectivo e tentar logralo de diferentes formas. A Avogacía institucional busca sempre o diálogo con outras institucións, os consensos. E se iso non dá resultado, pois tamén saímos á rúa, como fixemos coas taxas ou coa lei de xustiza gratuíta. Creo que todos os profesionais da avogacía pretendemos o mesmo para mellorar a nosa profesión e a todos nos interesa unir forzas.

**P.- Tras a eliminación das taxas xudiciais para as persoas físicas, que outros cambios lexislativos deberían chegar en España por ser unha ameaza contra a tutela xudicial efectiva?**

**R.-** As taxas deberían desaparecer na súa totalidade, desde logo. Para garantir o dereito á tutela xudicial efectiva, cómpre que se aprobe unha lei de asistencia xurídica gratuíta que conte coas achegas e o consenso dos profesionais implicados. Tamén imos traballar para que se aprobe unha lei do dereito de defensa que o ministro, que coñece a nosa demanda, xa comprometeu hai uns días na súa toma de posesión.

A finalidade do recoñecemento constitucional do dereito de defensa é a de poñer fin dunha vez para sempre a actuacións que, sen base legal, violan o dereito de defensa, e, ademais, asegurar os dereitos da cidadanía e a efectiva realización do principio de contradición e de igualdade entre as partes, para evitar desequilibrios ou limitacións que poidan conducir á indefensión.

**P.- Será posible ese pacto pola xustiza en España que se demanda desde a avogacía desde hai tempo? Considera que hai vontade política?**

**R.-** Desde logo nel estamos a traballar desde que tomei posesión con asociacións de xuíces e fiscais. Levamos demasiado tempo facendo o diagnóstico da situación da xustiza e non podemos seguir esperando a que as súas eivas se

**“A mediación ten un gran futuro, os procedementos que contribúan a solucionar conflitos extraxudicialmente son moi benvidos”**

arranxen soas. Como dicía Julián Marías, “inquiétame que en España todo o mundo se pregunte que vai pasar?, en lugar de preguntarse que imos facer?”. Nós decidimos facer. Ás veces a vontade política pode brotar das demandas da cidadanía, e nesta lexislatura dáse unha situación propicia para lograr acordos que contribúan a mellorar a Administración pública.

Os cidadáns deben recuperar a confianza nas institucións, e non imos eludir a nosa responsabilidade de contribuír a que confíen na Administración de xustiza.

**R.- Cales deben ser as prioridades dese pacto?**

**R.-** Conseguir que a xustiza sexa menos lenta, máis transparente, que se faga máis comprensible para o cidadán. Isto esixe reformas

de orde procesual, consensuadas; hai que facer unha reforma global duradeira que se adapte á realidade, e non ir poñendo parches para liquidar unha situación concreta. E, naturalmente, hai que investir en medios materiais e humanos, pero tamén introducir mecanismos de xestión máis eficientes e efectivos.

**R.- Por que o funcionamento ordinario da Xustiza nunca forma parte das campañas electorais?**

**R.-** A Xustiza represéntase cunha venda nos ollos, pero dá a sensación de que quen non a ve, nin a mira, son os gobernos. Hai problemas da Xustiza que se veñen arrastrando desde hai lustros, sen que ningún gobernante os atalle de verdade. No último dos barómetros que dende a Avogacía Española lle encargamos a Metroscopia sobre o estado da Xustiza, un 81 % dos cidadáns enquisados manifestou que os gobernos mostran máis interese por controlar a xustiza que por melloralala. Iso é terrible. É incomprendible que non se quixese reverter esta opinión.

**P.- Sente a Avogacía institucional que as súas demandas son oídas e tidas en conta polos poderes públicos, polos partidos políticos?**

**R.-** Na maioría dos casos, así é. Aínda que tamén é certo que cando un goberno ten maioría absoluta é máis xordo ante as demandas cidadás ou dos colectivos profesionais. E se se dá o caso de maioría absoluta e un ministro que implanta a Lei de taxas, custa moito máis facerse oír, aínda que se a razón está da nosa parte, acábase revertendo a situación. Espero que o tempo de non escoitar pasase para sempre. A política ten que facerse sempre escoitando aos demais.

**P.- Como é a relación da avogacía institucional con outros axentes do sector, como xuíces e**





**sector, está a atoparse a avogacía con máis problemas dos previstos?**

**R.-** A dixitalización da xustiza, a súa modernización desde un punto de vista tecnolóxico, é un dos factores que vimos esixindo para lograr a Administración de xustiza que todos desexamos. Evidentemente, este proceso non está exento de problemas, entre outras cousas porque o mundo xurídico é bastante refractario ao uso das tecnoloxías. No Consello, fieis ao noso compromiso coa modernización da xustiza, decidimos desenvol-

velo, por acordo do Pleno, LexnetAbogacía. Estamos seguros de que sen este impulso Lexnet non arrincaría porque xa houbera varios intentos previos que fracasaran. Con todo, transcorrido case un ano, comprobamos que supón para nós un elevado custo operativo e unha excesiva dependencia da plataforma do Ministerio e decidimos, tamén por acordo do Pleno, iniciar o proceso de transición cara á plataforma do Ministerio de Xustiza. Pero todo se fará dun xeito ordenado e sen prexuízos para ninguén.

**P.- Deuse un paso na formación dos novos avogados co exame de acceso. Chegan preparados para exercer a súa función?**

**R.-** Cinco anos despois da posta en marcha do máster e do exame de acceso, non só deixamos de ser unha excepción en Europa, senón que melloramos substancialmente a calidade dos novos avogados. Pero estamos a traballar para introducir cambios e lograr que as probas sexan eminentemente prácticas. A universidade forma xuristas. O máster debe formar avogados e avogadas. E demandamos por iso unha mellora do sistema de acceso para que prime o profesional sobre o académico. Niso estamos a traballar co Ministerio e as universidades, en colaboración cos colexios.

**P.- Están os plans de estudos das facultades de dereito adaptados ao século XXI?**

**R.-** En xeral, a universidade española carga cun exceso de formación teórica. O ensino, en todos os niveis, necesita adaptarse ás necesidades do mundo en que vivimos. Non falo só da carencia de medios materiais no ámbito tecnolóxico, por exemplo, falo

**fiscais?**

**R.-** Eu diría que fluída e cordial, entendendo que cada un ten asignado un papel no proceso, pero todos queremos conseguir unha mellor xustiza e, como xa dixeran, niso estamos a traballar.

**P.- Desde diferentes colexios pídese de forma reiterada un mellor tratamento á quenda de oficio. Que opina deste tema? Debe aumentar o investimento en xustiza gratuíta?**

**R.-** Non se pide só desde algúns colexios. Esta é unha reivindicación unánime de toda a Avogacía. En 2014, o Consello Xeral da Avogacía, formado polos decanos e decanas dos 83 colexios de avogados e outros conselleiros e conselleiras, ademais de membros das xuntas de goberno, saímos á rúa coas nosas togas para esixir que a lei de xustiza gratuíta non se modificase no sentido que pretendía facelo o Goberno. Conseguímoslo. Hai só uns días, horas antes da toma de posesión de Rafael Catalá, reunímonos outra vez con el e comprometeuse a efectuar os pagamentos puntualmente e a crear un grupo de traballo para solucionar os problemas da quenda de oficio. Desde logo que debe aumentar o investimento. Hai casos en que os baremos non se actualizan desde 2003 e este é un tratamento intolerable para profesionais que tanto fan para garantir a paz social.

**P.- No Colexio de Avogados de Santiago púxose en marcha un servizo de mediación penal, que se une a outro de mediación civil. É a mediación un tema para potenciar en España?**

**R.-** Así é. A mediación ten un gran futuro no noso país e todos os procedementos que contribúan a solucionar conflitos extraxudicialmente son moi benvidos.

**P.- Con respecto ao proceso de dixitalización e “papel cero” no**

**“Todos os profesionais da avogacía pretendemos o mesmo para mellorar a nosa profesión e a todos nos interesa unir forzas”**



tamén dos valores imprescindibles que deben rexer unha sociedade plural, democrática e igualitaria.

**P.- Que lle diría a un avogado que a semana que vén inicia a súa traxectoria?**

**R.-** Que nunca deixe de formarse, que non crea nunca que o sabe todo. Que cumpra con todo o rigor as normas deontolóxicas da avogacía e que non esqueza xamais que ten unha gran función social como membro dunha profesión imprescindible para o sostemento do Estado de Dereito. E, por suposto, que saiba que ten un colexio que o apoia e do que debe ser parte activa.

**P.- Cre que a profesión da avogacía goza do prestixio necesario entre a cidadanía?**

**R.-** O aprecio nunca nos parece suficiente. Pero o certo é que nos barómetros que encargamos a Metroscopia para comprobar o estado da profesión e nas enquisas do CIS, a avogacía está entre as institucións máis valoradas pola cidadanía, por encima doutros estamentos e, en concreto, do resto dos estamentos xurídicos, seguramente debido á nosa clara implicación social e de defensa dos dereitos dos cidadáns. Con todo, non nos conformamos e traballamos para conseguir a excelencia profesional con máis e mellor formación e con maior rigor deontolóxico.

**P.- E os colexios de avogados? En que aspectos deben mellorar as institucións colexiais, que lle trasladan os decanos neste sentido?**

**“Cando un goberno ten maioría absoluta é máis xordo ante as demandas cidadás ou dos colectivos profesionais”**

**R.-** Vivimos un momento en que a desconfianza nas institucións está moi estendida. Os colexios han de ter presente que se deben aos colexiados e aos cidadáns e por tanto a proximidade aos seus problemas e necesidades é fundamental.

**P.- Considera que a cidadanía recorre en exceso aos tribunais?**

**R.-** Este é un asunto en que a avogacía tamén insistiu reiteradamente. Antes de acometer calquera reforma na xustiza, hai que coñecer con rigor as verdadeiras estatísticas xudiciais para saber o número exacto de asuntos que chegan aos tribunais porque hai cifras que non encaixan. En calquera caso, a cidadanía recorre aos tribunais exactamente o que a lei lle permite, nin máis nin menos. E unha gran parte dos asuntos que nos expoñen os cidadáns non se xudicializan precisamente polo labor dos avogados.

**P.- A xustiza é igual para todos?**

**R.-** Sen dúbida. E o noso compromiso é denunciar calquera intento en sentido contrario.

**P.: Considera xusta a imaxe de xustiza politizada que está estendida?**

**R.-** Non. Creo que esta idea é esaxerada e esténdese interesadamente en ocasións. Eu confío na independencia dos xuíces e tribunais, desde logo. A elección dos vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial debe mellorarse, pero ese non é o barómetro da politización.





### BIOGRAFÍA

Victoria Ortega Benito é presidenta do Consello Xeral da Avogacía Española e conselleira do Consello de Estado.

Naceu en Palencia, aínda que reside e exerce en Cantabria desde hai anos. É doutora en Dereito pola Universidade de Valladolid e avogada en exercicio desde 1981. Foi decana do Colexio de Avogados de Cantabria entre 2000 e 2008; vicepresidenta do Consello Xeral da Avogacía Española, entre 2002 e 2008, e secretaria xeral deste organismo desde febreiro do 2011 ata decembro de 2015.

Foi ademais unha dos doce conselleiros do Consello Xeral da Avogacía, elixida polo Pleno do Consello Xeral da Avogacía Española en febreiro de 2009 e reelixida en marzo de 2014. Foi vogal da Comisión institucional para a determinación, estudo e proposta dos elementos esenciais da nova Lei de planta e demarcación xudicial do Ministerio de Xustiza, creada en maio de 2010.

En canto á súa actividade académica, Victoria Ortega é profesora titular de

Dereito Procesual na Universidade de Cantabria desde 1992, e realizou diversas publicacións e textos monográficos sobre Dereito Procesual e Administrativo.

Foi presidenta da Unión Profesional de Cantabria entre 2001 e 2008. En 2009 recibiu a Gran Cruz ao Mérito no Servizo á Avogacía, e a Gran Cruz de San Raimundo de Peñafort, o máximo galardón que outorga o Ministerio de Xustiza.

### CUESTIONARIO PERSOAL

**Que afeccións ten?**

Por encima de calquera outra, o cine

**Un libro que aconsella?**

*A montaña máxica* (Thomas Mann)

**E unha película?**

*O ladrón de bicicletas*

**-Que comida lle gusta?**

O queixo en todas as súas variedades

**Unha cidade para vivir?**

Santander

**-Mar ou montaña?**

Mar e montaña. Son parentina de nacemento e encántame a montaña parentina, pero resido desde hai moitos

anos en Santander e non podo vivir sen sentir o mar preto.

**Un lugar que recomende como turista.**

Sicilia

**Un personaxe histórico.**

Clara Campoamor

**Unha frase.**

«As cousas son imposibles mentres o parecen» (Concepción Arenal)

**Unha canción.**

«O breve espazo en que non estás» (Silvio Rodríguez)

**E a última: Un desexo.**

Que se respecten os Dereitos Humanos

## FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO DE PEÑAFORT

Os condecorados foron a título póstumo as avogadas María Milagrosa Rodríguez Martínez e Antonia Rodríguez López, as Forzas de Seguridade e a Fundación Andrea

O Colexio de Avogados de Santiago celebrou como cada ano a festividade de San Raimundo de Peñafort, cun acto central na Capela Real do Hostal dos Reis Católicos ao que asistiron máis de 300 persoas e numerosas autoridades dos ámbitos político, xurídico e civil da sociedade galega.

Os condecorados nesta ocasión foron a título póstumo as avogadas María Milagrosa Rodríguez Martínez e Antonia Rodríguez López, as Forzas de Seguridade que exercen na capital galega e a Fundación Andrea, que recibiu o VII Premio Dereitos Humanos da institución colexial.

O acto foi presidido polo vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, xunto ao presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), Miguel Ángel Cárdenas, representantes de todos os grupos municipais, e outras autoridades locais e autonómicas.

No seu discurso, o decano dos avogados composteláns, Evaristo Nogueira, demandou de novo “un pacto pola xustiza en España, este país necesítalo de forma urxente para solucionar os problemas do sector; fai falta máis que nunca diálogo entre todos os axentes políticos e sociais”.

No apartado de Avogados, o colexio entregou a medalla de Ouro, a título póstumo, a María Milagrosa Rodríguez Martínez e a Antonia Rodríguez López. O recoñecemento ás dúas ten en común a súa dedicación á avogacía, o seu extraordinario compañeirismo e a súa preparación como xuristas.

María Milagrosa Rodríguez incorporouse ao Colexio de Avogados de Santiago no ano 1976, sendo unha das primeiras mulleres avogadas na capital de Galicia. “Involucrada co estado de dereito e coas liberdades, sen dúbida deixa un legado importante na avogacía compostelá, que afortunadamente para todos nós continúa exercendo a súa filla Natalia”, asegurou Nogueira.



As persoas que recibiron os galardóns na festividade de San Raimundo 2016 posan antes do comezo do acto na capela real do Hostal dos Reis Católicos



Mesa de autoridades, coa presenza do vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, durante o acto de entrega de medallas





Vista xeral das máis de trescentas persoas que asistiron ao acto central no Hostal dos Reis Católicos e, na parte inferior da páxina, imaxe de familia dos novos letrados despois da xura





“Antonia, Toñi, era unha extraordinaria avogada e persoa; sempre cun carácter amable, riseiro, levou cunha dignidade estupenda a súa enfermidade; igual que no caso de María Milagrosa, o seu legado non queda baleiro, xa que a súa filla Irene manterao como letrada na nosa cidade”, manifestou o decano dos letrados.

Evaristo Nogueira destacou “o traballo das mulleres que exercen a avogacía e son nais, o que lles supón un esforzo enorme para compatibilizar a súa vida familiar e laboral”.

No apartado de Non Avogados, a medalla de Ouro foi para as Forzas e Corps de Seguridade do Estado que operan en Compostela: Corpo Nacional de Policía, Garda Civil e Policía Local: “As razóns da súa concesión son varias, pero sobre todo concréntanse na absoluta colaboración e entendemento entre o Colexio de Avogados e aqueles que velan pola seguridade de toda a cidadanía”.

Por último, a Fundación Andrea recibiu o VII Premio Dereitos Humanos da institución colexial, “polo coidado dos nenos con enfermidades de longa duración, crónicas e terminais, dándolles os apoios médicos, humanos e sentimentais precisos para que a súa vida, unida moitas veces a terribles enfermidades, sexa o máis digna posible, un apoio que tamén reciben os seus pais e familiares”. Tras a entrega de condecoracións, celebrouse unha xura de novos avogados e avogadas.



Como cada ano, o acto de San Raimundo de Peñafort dos avogados de Santiago foi un lugar de encontro da sociedade civil, xurídica e política



O programa da festividade de San Raimundo de Peñafort comezou cunha misa na Catedral de Santiago en memoria dos avogados e avogadas falecidas no ano 2015, para dar paso ao acto solemne no Hostal dos Reis Católicos. A xornada pechouse cunha cea de confraternización no Hotel Porta do Camiño.

Os asistentes á entrega de medallas conversan antes do inicio do acto na capela real do Hostal dos Reis Católicos de Santiago





Diferentes imaxes da gala, coa chegada ao acto do presidente da Xunta, Alfonso Rueda, a xunta de goberno do Colexio de Avogados de Santiago e as persoas que recibiron as distincións







O acto do ano 2016 tivo momentos moi emotivos pola lembranza das dúas avogadas que foron homenaxeadas.  
Despois do acto, os asistentes gozaron dun viño no Hostal dos Reis Católicos







### Cursos, xornadas e actividades

Como cada ano, a formación continua foi un dos aspectos fundamentais da actividade no Colexio de Avogados de Santiago. Centos de colexiados e tamén profesionais alleos á institución asistiron aos cursos e xornadas.

Entre os organizados en 2016, destacou o Curso de Especialización en Mediación Penal, desenvolvido durante 50 horas no mes de xullo. Expertos en mediación penal de toda España pasaron polo salón de actos do colexio.

Por outra parte, o Pazo de Fonseca acolleu en abril o acto de despedida dos alumnos e alumnas da terceira promoción do Máster Universitario en Avogacía. O curso desenvolveu-

se na Escola de Práctica Xurídica, vinculada ao Colexio de Avogados de Santiago e á Facultade de Dereito da USC.

Á despedida asistiu o director xeral de Xustiza, Juan José Martín, representantes políticos dos diferentes grupos municipais e a xunta directiva do colexio, encabezada por Evaristo Nogueira.

O Colexio de Avogados de Santiago ten entre os seus obxectivos a formación continua dos profesionais, desde que terminan os seus estudos universitarios e ao longo de toda a súa traxectoria. Ademais do máster, organiza durante todo o ano cursos, xornadas e seminarios.

### Premio a Carlos Carnicer por toda unha vida defendendo os Dereitos Humanos desde a Avogacía

O xurado dos XVIII Premios Dereitos Humanos, que concede o conxunto da Avogacía Española, decidiu conceder un premio extraordinario ao ex presidente do Consello Xeral da Avogacía, Carlos Carnicer, polo seu labor na defensa dos dereitos humanos durante os seus 15 anos de mandato e mesmo antes, sendo decano de Zaragoza, cando foi o impulsor da creación dos primeiros servizos de orientación xurídica nos colexios de avogados.

A súa presidencia, de feito, caracterizouse especialmente por traballar neste sentido e pola súa sensibilidade sobre estes temas, que se canalizaron en gran parte a través da Fundación Avogacía Española, da que é socio de honra, e que se creou durante o seu mandato.

Nestes 15 anos leváronse a cabo diferentes iniciativas como os Congresos de Dereitos Humanos, onde se debate anualmente sobre a situación das garantías da defensa dos cida-

dáns. Desde o rexistro de avogados para atender a peticionarios de refuxio e asilo, ao que se apuntaron máis de 1.500 letrados, promoveuse a protección dos avogados de diferentes partes do mundo, especialmente Latinoamérica. Os Premios Dereitos Humanos da Avogacía creáronse en 1998.



## X Xornada Xustiza e Lingua, reflexións para a normalización

O Colexio de Avogados de Santiago acolleu o pasado 29 de novembro a *X Xornada Xustiza e Lingua, reflexións para a normalización*. Entre os obxectivos desta iniciativa, organizada polo Servizo de Asesoramento Lingüístico do Colexio de Avogados de Santiago, estaban como cada ano a reflexión acerca do proceso de normalización lingüística no ámbito da xustiza e a análise da incidencia das accións encamiñadas a potenciar a lingua galega no eido xudicial.

A apertura correu a cargo de Evaristo Nogueira, decano do Colexio de Avogados de Santiago; Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística, e Juan José Martín Álvarez, director xeral de Xustiza.



Henrique Monteagudo, un dos relatores da xornada

Evaristo Nogueira mostrou a súa satisfacción polo esforzo da institución colexial na normalización do uso do galego en todas as súas actividades, proceso que se comprometeu a continuar. Valentín García dixo que “aínda quedan pasos por diante”, pero garantiu que a Xunta desenvolverá as iniciativas necesarias para que o galego “sexa unha lingua de uso común na xustiza”.

Na primeira das mesas de debate, *O compromiso de usar o galego na avogacía: un antes e un despois?*, participaron as avogadas colexiadas Patricia López Arnoso, Milagros Verde Crespo e Julia Álvarez Martín.

Nos dous relatorios posteriores, participaron a xuíza Carmen Pose Amado e Henrique Monteagudo Romero, filólogo e secretario da Real Academia Galega (RAG). Realizouse tamén un coloquio aberto a todos os asistentes.

A xornada estivo dirixida a profesionais da avogacía, da procuradoría, da xudicatura e da fiscalía, así como secretarios xudiciais, funcionarios, alumnos das escolas de práctica xurídica, da Facultade de Dereito, profesionais dos servizos lingüísticos e persoas interesadas en xeral.

## O decano do Colexio de Avogados de Santiago, Evaristo Nogueira, presidente do Consello da Avogacía Galega

O decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, Evaristo Nogueira, asumiu este ano a presidencia do Consello da Avogacía Galega, formado

polos sete colexios de avogados de Galicia (Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol e Vigo). Nogueira asume a presidencia ata finais de 2017.

“É un orgullo e unha responsabilidade defender os intereses dos avogados galegos e da cidadanía en xeral a través dos nosos clientes; estaremos moi atentos ás novidades legislativas que afecten o sector e aos primeiros pasos do novo Goberno formado en Madrid”, asegura Nogueira, que é tamén adxunto á presidencia da Avogacía Española.



Entre as competencias máis destacadas do Consello da Avogacía Galega están a coordinación da acción conxunta dos sete colexios de avoga-

dos galegos e as relacións do organismo coas diferentes administracións, tanto local como autonómica.

O decano dos avogados da capital galega forma parte tamén da comisión consultiva do Consello Xeral da Avogacía Española (CXAE) e da súa oficina de representación, unha novidosa iniciativa posta en marcha co obxectivo de fomentar e impulsar as relacións institucionais do Consello cos diferentes axentes da vida política, xurídica e social.



## ACORDO CON CAIXABANK PARA FACILITAR O ACCESO A CRÉDITOS



O Colexio de Avogados de Santiago e CaixaBank subscribiron un acordo co obxectivo de facilitar o acceso ao crédito dos colexiados, así como a outros produtos e servizos financeiros en condicións preferentes de mercado. O convenio foi asinado por Evaristo Nogueira e por Ignacio Pascual, director de banca de institucións. En virtude deste acordo, os colexiados dispoñerán

dunha oferta de servizos e produtos financeiros en condicións vantaxosas, deseñados de maneira específica para atender as súas necesidades profesionais e reforzar a súa competitividade. Deste xeito, os avogados gozarán, dentro da ampla oferta que lles trasladará a entidade, de contas libres de comisións, vantaxes no acceso a préstamos e hipotecas, packs de aforro e diversas solucións para a xestión do patrimonio.

Ignacio Pascual, director de CaixaBank, manifestou tras a sinatura do acordo o interese da entidade de estar preto de todos os colectivos profesionais da cidade co ánimo de facilitarlles a súa actividade diaria. Os avogados colexiados poderán beneficiarse a través da rede de oficinas de CaixaBank en Santiago e área de influencia da carteira de produtos e servizos incluída no convenio.

## ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO

Convocatoria de xunta xeral (2ª/2016)

De acordo co establecido nos artigos 88 e 91 do Estatuto do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela e no artigo 58 do Estatuto xeral da avogacía española, a Xunta de Goberno, na sesión que tivo lugar o 25.10.2016, tomou o acordo de convocar a xunta xeral ordinaria (segunda do ano 2016) para o día 20 de decembro, ás 20.00 h, conforme á seguinte:

### ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral
2. Exame e votación do orzamento para o exercicio 2017
3. Rolda de intervencións

### Aprobación do orzamento para 2017

A Xunta de Goberno, na sesión do día 25.10.2016, aprobou o proxecto de orzamento presentado pola tesourería e a secretaría técnica deste colexio para o ano 2017. O orzamento, que acada un importe de 859.760 euros, será presentado á Xunta Xeral para a súa aprobación definitiva, se procede, na sesión do 20.12.2016.

O máis destacable neste orzamento é o seguinte:

### **1. Redución das cotas colexiais**

Debido á boa xestión económica dos últimos anos, aprobouse unha baixada das cotas para os colexiados exercentes residentes, de 40 euros anuais (un 10 % aproximadamente), polo que as cotas colexiais trimestrais para o ano 2017 serán as seguintes:

- Exercentes residentes: 109,20 € por trimestre (máis censo de letrados do CXAE)
- Non exercentes: 43,12 por trimestre (máis censo de letrados do CXAE)

### **2. Cursos de formación gratuítos**

Séguese mantendo a partida correspondente á formación, polo que este colexio seguirá a organizar os cursos necesarios de formación continua dos seus colexiados. Esta formación continuará sendo gratuíta para os nosos colexiados, a excepción daqueles cursos en que pola súa especialización e elevado custo se puidese incluír algunha matrícula.

### **3. Subvención da póliza de responsabilidade civil**

Seguirase subvencionando a póliza de responsabilidade civil cunha cantidade de 30.000 euros.

### **4. Bases de datos en liña na páxina web**

Seguiranse mantendo as dúas bases de datos de xurisprudencia na páxina web do colexio (La Ley e Tirant Lo Blanch), o que supón un desembolso para este colexio de 26.000 euros anuais.

## **NOVIDADES LEXISLATIVAS**

**Acordo do 22 de decembro de 2015**, da Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial, polo que se aproban os modelos normalizados previstos nas leis de axuízamento civil e de xurisdición voluntaria (BOE núm. 24, do 28.01.2016)

**Resolución do 26 de febreiro de 2016**, da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, pola que se modifican os modelos establecidos na Orde JUS/206/2009, do 28 de xaneiro, pola que se aproban novos modelos para a presentación no Rexistro Mercantil das contas anuais dos suxeitos obrigados á súa publicación, e dáse publicidade ás traducións ás linguas cooficiais propias de cada comunidade autónoma (BOE núm. 59, do 09.03.2016)

**Resolución do 26 de febreiro de 2016**, da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, pola que se modifica o modelo establecido na Orde JUS/1698/2011, do 13 de xuño, pola que se aproba o modelo para a presentación no Rexistro Mercantil das contas anuais consolidadas, e dáse publicidade ás traducións das linguas cooficiais propias de cada comunidade autónoma (BOE núm. 59, do 09.03.2016)

**Orde JUS/1625/2016**, do 30 de setembro, sobre a tramitación dos procedementos de concesión da nacionalidade española por residencia (BOE núm. 246, do 11.10.2016)

**Orde HAP/1626/2016**, do 6 de outubro, pola que se modifica a Orde EHA/3127/2009, do 10 de novembro, pola que se aproba o modelo 190 para a declaración do resumo anual de retencións e ingresos a conta do imposto sobre a renda das persoas físicas sobre rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de renda; e modifícanse así mesmo outras normas tributarias (BOE núm. 246, do 11.10.2016)

**Lei 2/2016, do 10 de febreiro**, do solo de Galicia (BOE núm. 81, do 04.04.2016)



**“Ningún idioma alleo –por ilustre que sexa– poderá expresar en nome do noso os íntimos sentimentos, as fondas dores e as perdurables esperanzas do pobo galego, se aínda somos diferentes e capaces de existir non é máis que por obra e gracia do idioma”.**

(Castelao 1886-1950)

## Traballemos como galegos

Cómpre indicar que na redacción deste artigo non foron empregadas nin fontes técnicas nin científicas, senón que se basea en experiencias profesionais e persoais, propias e de compañeiros, en relación co uso do galego nos diferentes eidos.

Como punto de partida, debemos afirmar que o emprego do idioma galego está presente na Administración, sen que o seu uso sexa algo inhabitual tanto por parte da cidadanía como por parte dos operadores xurídicos nas relacións propias do ámbito local e do autonómico. Este camiño normalizador ten o seu punto de partida nunha proluxa normativa (Constitución española, Estatuto de autonomía, Lei de normalización lingüística...), na política de normalización lingüística levada a cabo e nunha importante sensibilización do funcionariado.

Pero, sendo todo isto certo, non o é menos que aínda dispendo de todas as ferramentas para empregalo e protexelo, o idioma galego segue a ser unha lingua de uso minoritario e restrinxido en determinados ámbitos.

Pensem no seguinte suposto: Un pai e un fillo que queren escriturar un pacto de mellora con entrega de bens e posteriormente inscribilo

no correspondente rexistro da propiedade en lingua galega. O que “a priori” parece un caso sinxelo, na realidade presenta varias complicacións.

A primeira dificultade encontrarana no momento de acudir á notaría, pois en ningunha das reunións preparatorias van ser cuestionados sobre a lingua en que desexan formalizar a súa escritura, o que contravén o artigo 149 do Decreto do 2 de xuño de 1944, polo que se aproba con carácter definitivo o Regulamento da organización e réxime do notariado. A realidade é que son moi poucas as ocasións, aínda que cada día é máis habitual por solicitálo así o interesado, en que se emprega o galego na redacción destes pactos

sucesorios, pois a lingua vehicular no eido notarial segue a ser o castelán.

Sendo o pacto de mellora unha figura xurídica xenuinamente galega e para galegos, non deixa de ser paradoxal que o idioma empregado na súa redacción sexa na maior parte dos casos o castelán.

A segunda dificultade atoparana cando acudan ao rexistro da propiedade correspondente, pois aínda que presenten o título en galego, a inscrición (no tomo, libro ou atado)



efectuárase sempre en castelán. Isto obedece á aplicación da lei hipotecaria (preconstitucional), que evidentemente non reconece nin permite o uso de idiomas oficiais distintos do castelán.

Malia que a inscrición é efectuada sempre en castelán, as certificacións acreditativas poden ser solicitadas no noso idioma. Non obstante, de non mediar solicitude expresa, por defecto, serán realizadas en castelán, polo que esta lingua novamente volve ser a vehicular.

O anteriormente manifestado supón que non se está a acadar nos asentamentos destes rexistros públicos a promoción efectiva do uso normal do galego, algo que o lexislador claramente prescribiu no artigo 9.1 da Lei de normalización lingüística.

Seguindo co noso exemplo, supoñamos que por motivos de interrupción do tracto sucesivo non se pode levar a cabo a inscrición rexistral que pretendían, e que pai e fillo deban acudir a un expediente de dominio ante o xulgado.

Neste campo, é posible utilizar o galego en todo o proceso, xa que no ámbito da Administración de xustiza en Galiza existen moitas normas que abordan o dereito de usar a lingua propia (por exemplo: artigo 3 da CE, artigo 231 da LOPX, artigos 142 e 143 LAC e os artigos 6 e 7 da Lei de normalización Lingüística, entre outras disposicións normativas).

Sen entrar a analizar en profundidade o contido concreto de cada un dos artigos sinalados, convén afirmar que todos eles lles reconecen e garanten aos intervenientes no proceso o dereito a usar (no ámbito escrito e oral) calquera das dúas linguas oficiais no territorio de Galiza. Pero a pesar de que ninguén pon en dúbida o dereito de usar o galego na Administración de xustiza, a súa utilización é minoritaria en comparación co uso do castelán.

Unha boa parte da responsabilidade do uso restrinxido e minoritario do galego en





## Ao pé da letra

sede xudicial recae na propia Administración, pois en moitas ocasións non conta cos recursos necesarios para empregar o galego. Así o evidencia o feito de que a maior parte dos formularios con que traballa unicamente están redactados

en castelán. Agora ben, outra parte da responsabilidade debemos asumila os letrados e as letradas, pois dende o primeiro momento somos quen de decidir a lingua vehicular do proceso a través dos nosos escritos e das nosas actuacións orais.

Despois desta sucinta análise dalgúns contextos que tomamos de exemplo, é doado concluír que mentres o castelán opera por defecto o galego faino por rogación, a pesar de que tanto no Estatuto de autonomía como na propia

ORGULLOSOS  
DO NOSO  
ORGULLOSOS  
DO GALEGO

Constitución española parten dun plano de igualdade en canto a súa cooficialidade.

Por iso, compañeiras e compañeiros, **sexamos valentes, e que non só vivamos como galegos (como di o famoso anuncio), senón que**

**tamén traballemos como galegos usando e respectando a nosa lingua.**

*María del Carmen Gesto Beiroa,  
colexiada exercente 2923 do ICA de Santiago*

*Araceli González Vila,  
colexiada exercente 2799 do ICA de Santiago*

*María Vanessa Pérez Vázquez,  
colexiada exercente 2153 do ICA de Santiago*

Tenza  
ou  
tenencia?

*Soma nota!*



Para os significados relacionados coa 'posesión de algo', a forma correcta é *tenza*. A forma *tenencia* en galego serve para denominar 'cargo de tenente' ou 'oficina do tenente'.

*“A tenza de armas prohibidas será castigada coa pena de cadea de un a tres anos.”*

*“O concelleiro ocupou a tenencia mentres se ausentou a alcaldesa.”*

Ademais, relacionada co primeiro significado existe a forma *tedor*, -a, especialmente referida a 'alguén que posúe algunha letra de cambio ou outro valor endosable'.

*“Os tomadores e os tedores de letras terán dereito a exixirles aos asinantes a exhibición do poder.”*



## As redes sociais do colexio contan xa con máis de 1.400 seguidores

O Colexio de Avogados de Santiago foi protagonista durante todo o ano 2016 nos medios de comunicación pola súa posición en defensa de novas infraestruturas xudiciais para a capital galega, unha demanda imprescindible para solucionar o colapso nos xulgados.

Á marxe destes temas, tiveron repercusión outros acontecementos, como a festividade de San Raimundo

de Peñafort e os actos conmemorativos do centenario do falecemento de Montero Ríos, coa presentación do libro que repasa a súa traxectoria. Outra das novas que recolleron os medios de comunicación foi a participación do colexio no programa pioneiro de mediación penal posto en marcha en dous xulgados de Compostela o pasado mes de outubro.





## Eugenio Montero Ríos, homenaxe da cidade de Santiago no centenario do seu pasamento

A edición do libro sobre a súa vida pecha o ciclo de actividades conmemorativas nas que participou a avogacía de Compostela



Acto de presentación do libro



Fotografía familiar de Eugenio Montero Ríos



Estatua de Montero Ríos na praza do Obradoiro (1916-1928)



Pleno no Congreso dos Deputados (comezos do s. XX)

O paraninfo da Universidade de Santiago acolleu no mes de outubro a presentación do libro sobre a vida e a traxectoria profesional de Eugenio Montero Ríos, no que participou o Colexio de Avogados de Santiago.

O decano do colexio, Evaristo Nogueira, destacou que Montero Ríos foi “un adiantado ao seu tempo e promulgou a Lei do matrimonio civil, que supuxo a separación entre igrexa e Estado”. “Ademais, o Código Penal, por el promulgado, provocou entre outras cousas a desaparición das penas que comportaban castigos físicos”, manifestou.

“Para nós, os avogados de Santiago, foi un prestixio que fose membro do noso colexio”, engadiu Nogueira, que destacou que “Galicia foi e será un viveiro de bos xuristas”.

“Desde a miña condición de decano do Colexio de Avogados de Compostela, foi un pracer que a nosa corporación de dereito público puidese participar na homenaxe a este xurista; quizás chegue tarde, pero o recoñecemento ao traballo de Montero Ríos é, nunca mellor dito, de lei”, rematou.

O libro Eugenio Montero Ríos . Homenaxe da cidade de Santiago de Compostela no centenario do seu pasamento: 1914-2014, pechou o ciclo de actos organizados conxuntamente pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), o colexio de avogados, o Ateneo, a Real Sociedade Económica de Amigos do País e a Cámara de Comercio, coa colaboración do Concello compostelán e a Deputación da Coruña.

O ciclo Eugenio Montero Ríos: a Compostela do seu tempo desenvolveuse no bienio 2014-2016 co fin de honrar e poñer en valor a figura de quen está considerado como un dos xuristas e políticos máis significativos do seu tempo.

No limiar da obra, Xosé Ramón Pousa debuxa unha serie de trazos que contextualizan a relevancia do homenaxeado. Eugenio Montero Ríos “pragmático e liberal, é moito máis que o impulsor das grandes reformas legais de fins do século XIX, que asentaron as bases da sociedade civil coa creación do





Rexistro Civil. A lei do matrimonio civil e a propia lei penal que, con poucas variacións, continúan vixentes. A súa oratoria, non exenta de demagogia decimonónica, enche as mellores páxinas dos libros de sesións do Senado e as súas intervencións, mesmo sobre o Tratado de París, do que foi protagonista, recollen unha visión autocrítica sobre a colonización de América, inédita na España traumatizada pola perda de Cuba e Filipinas”.





### Modernización

Como se sinala neste novo libro, a pertinencia deste conxunto de actos arredor de Montero Ríos xustifícase na pretensión de reler a súa vida a súa obra, destacando que “a Compostela actual non se entende sen a figura intelectual e política deste persoeiro, que modernizou gran parte da lexislación española e marcou a primeira separación entre a Igrexa e o Estado”.

No plano biográfico, o limiar preséntao como un “compostelán, de orixe humilde, nado na rúa dos Xasmíns e asentado finalmente no paraíso que el mesmo construíu en Lourizán. Tivo unha vida política longa, asentada nunha sólida formación intelectual, como catedrático de Dereito e case toda a vida en Madrid, na práctica profesional e na mentalidade modernizadora que se fixo palpable en Compostela dende o impulso á primeira Gran Exposición Rexional ata a transformación das grandes infraestruturas e o apoio a unha universidade que se moderniza con novas titulacións e edificios”. Tamén destaca Xosé Ramón Pousa como esta publicación é “a culminación do esforzo cidadán” alentado polas cinco entidades e institucións promotoras do ciclo.

Os logros de Montero Ríos chegaron nuns anos fundamentais no desenvolvemento e

metamorfose da capital galega. Montero Ríos tamén desempeñou un papel relevante durante a Restauración como líder político e como promotor de construcións civís executadas baixo o seu “manto protector”, tal como é o caso, entre outras, da liña de ferrocarril Cornes-Carril, a ampliación e reforma do edificio da Universidade, a Escola de Veterinaria, a Facultade de Medicina e o Colexio de Xordomudos e Cegos.





O Colexio de Avogados de Santiago foi protagonista durante todo o ano nos medios de comunicación pola súa posición en defensa de temas estratéxicos para a cidade, como a necesidade dun novo xulgado do social ou a oposición ás taxas xudiciais.

Á marxe destes temas, tiveron repercusión outros acontecementos, como a festividade de San Raimundo de Peñafort e os actos conmemorativos do centenario do falecemento de Montero Ríos. Outras novas que recolleron os medios de comunicación foron o incremento nas peticións de xustiza gratuíta ou o funcionamento do servizo de asistencia ás vítimas de violencia de xénero.

**La Voz de Galicia.es**

**El Colegio de Abogados de Santiago participa en un programa pionero de mediación penal en dos juzgados**

**Evaristo Nogueira: "Compostela está siendo discriminada sin otro juzgado"**

**Los abogados homenajean a dos letradas fallecidas y a las fuerzas de seguridad**

**DiariodeFerrol.com**

**Medalla de Oro de la Abogacía de Santiago para José Seoane**

**CADENA  
SER2**

**La mediación penal, con gran tradición en numerosos países europeos, llega a Compostela**

**LA VANGUARDIA**

**Santiago es la primera ciudad de Galicia que pone en marcha un programa para la mediación penal**

**La Región**

**Los abogados exigen también el final de las tasas judiciales para las personas jurídicas**

**El Ideal Gallego**

**El decano de los abogados compostelanos asume la presidencia del Consello da Avogacía**



**lainformacion.com**

**Los abogados compostelanos celebran su patrón con un acto al que asistieron 300 personas de Santiago por las víctimas de París**

**elCorreoGallego.es**

**La abogacía de la ciudad se cita en su fiesta anual de San Raimundo con más de 300 personas en el Hostal**

**Urgen otro juzgado de Familia para la capital gallega y más personal para el actual**

**Abogados, psicólogos y Concello, juntos para poner freno a los desahucios**

**ABC**

**La Abogacía se concentra en Santiago contra el terrorismo**

**20 minutos.es**

**Las fuerzas de seguridad que ejercen en Santiago reciben la medalla anual de los abogados**

**laopinioncoruña.es**

**Nogueira: "La Justicia es la hermana menor de la Administración porque no vende votos"**

**EL PAÍS**

**Los abogados de Santiago premian el trabajo de la Guardia Civil y la Policía**

**europa press**


**La Fundación Andrea recibe el premio Derechos Humanos que otorga la Abogacía de Santiago**

**EFE:**

**El Colegio de Abogados participa en un programa de mediación penal pionero en Galicia**

# TRÁMITES EN ARXENTINA

**ASESORAMIENTO GRATUÍTO**  
Descontos especiais  
a Colexiados do  
ICA Santiago



AXUDÁMOSCHE A...



Tes parentes en Arxentina?  
Queres regularizar o título de  
propiedade dunha finca ou casa  
en España ou Arxentina?

- ⇒ Localizar persoas e bens.
- ⇒ Obter certificados de nacemento, matrimonio, defunción, últimas vontades, etc.
- ⇒ Xestionar a compravenda de bens, cesións de dereitos hereditarios, particións de herdanzas, etc.

## + SERVIZOS



### Familia

Legalizacións, inscrición de matrimonios, adopcións, divorcios...



### Inmobiliario

Taxacións, compravenda, arrendamentos, etc.



### Mercantís

Xestión de Sociedades Mercantís



### Seguridade Social

Certificados de cotizacións, tramitación de pensións, incapacidade, etc.

**CONSULTAS: GESTORÍA ARGENTINA**

miriamvamengual@gmail.com - amengualm@gestoriaargentina.com

**MÁIS información en:** [www.gestoriaargentina.com](http://www.gestoriaargentina.com)





# Driven by e-motion.

## IONIQ

### Únete a la generación que busca un nuevo concepto de movilidad.

Hay una nueva generación que, como tú, busca un nuevo concepto de movilidad; una nueva forma de entender la vida: la Generación IONIQ. Ellos saben que la emoción, la última tecnología y la sostenibilidad ya pueden viajar juntas. Ya conducen el nuevo Hyundai IONIQ. Un coche; tres tecnologías eléctricas diferentes: plug-in, híbrido y eléctrico. Nadie lo había hecho hasta ahora. Y es que, como tú, la nueva gama IONIQ de Hyundai es única. Vívela.

#GeneraciónIONIQ

- 3 versiones, plug-in, híbrido y eléctrico
- Gestión predictiva de la energía
- Frenada automática de emergencia (AEB)
- Control de crucero Inteligente (SSC)
- Sensor de ángulo muerto
- Car Play Android Auto

**Hyupersa Santiago S.L.**

**Avda. do Cruceiro da Coruña 250**

**15703 Santiago de Compostela / Tlf. : 981 93 70 00**



Gama Nuevo Hyundai IONIQ Híbrido: Emisiones CO<sub>2</sub> (gr/km): 79-92. Consumo mixto (l/100km): 3,4-3,9. Cifras oficiales de la UE de prueba que representan un modelo con fines comparativos y no siempre son representativas de todos los resultados de conducción.



Hyundai ofrece 5 años de garantía sin límite de kilómetros. \*Hyundai ofrece una garantía de la batería de alto voltaje de 8 años o 200.000 kilómetros, lo que ocurra primero. Para ambas garantías se aplican ciertas condiciones y exclusiones. Para obtener información detallada sobre estos términos y exclusiones, dirígete a la página web de Hyundai o consulta en un concesionario Oficial Hyundai.